



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/41	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	4 de setembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:10 ata as 20:50 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 29 de agosto de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, cos votos a favor dos seus membros presentes e a abstención da concelleira Sra. Giráldez Santos, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 29 de agosto de 2017.

**Expediente 5637/2017. Solicitud cambio titularidade pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por G. D. I. de cambio de titularidade da pasaxe permanente nº 1020 por cese da actividade, sendo o novo titular M. B. M., a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

**Expediente 5644/2017. Informe da Policía s/sinalizacións**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento de informe do departamento de sinalización pola colocación con motivo de urxencias de diversas sinais, que é como segue:

*"Por vía de urxencia colocouse a seguinte sinalización nas rúas que a continuación se mencionan:*

- *Rúa Enseñanza, colocación de sinal vertical de sentido único, sinal vertical de prohibido estacionar á marxe dereita no sentido da marcha, sinalización horizontal de límite de velocidade a trinta km/h.*
- *Pedra Choca, colocación de sinal de rúa sen saída.*
- *Menduíña no Socotelo colocación de rúa sen saída.*
- *Sinal de dirección prohibida en Darbo na subida ao Cunchido (casa do Doble).*
- *Rúa Os Pinos, sinal de sentido único.*



Concello de Cangas

*Tamén se pintaron numerosos pasos de peóns en varios puntos do pobo, así como tamén se reforzou a sinalización horizontal con discos de límite de velocidade a trinta km/h., en rúa Concepción Arenal, Aldea de Arriba.*

*Tamén se comunica do pintado de dúas prazas pa discapacitados nas travesías da praia de Rodeira".*

#### **Expediente 1945/2017. Ocupación praia de Rodeira**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, segundo informe favorable da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, do día 29.08.2017, acorda autorizar aos promotores da realización da proba SPARTAN RICE na Praia de Rodeira o día 23 de setembro, a ampliación de percorrido e tempo solicitado.

Así mesmo, comunícaselle aos promotores que deberán proporcionarse pola súa conta os medios materiais e persoais, plan de seguridade, seguros, así como a garantía de limpeza e condicións de uso do recinto utilizado.

#### **Expediente 726/2017. Informe Taxas s/ocupación vía pública coa instalación de mesas e cadeiras-2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente o seguinte informe-proposta do departamento de Xestión de Ingresos Tributarios (Inspección de Taxas), que é como segue:

*"A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27-7-2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.*

*Despois de comprobar a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras, realizase a seguinte PROPOSTA:*

*1.- M. O. B. (MARTINNUS TAPERIA), con enderezo na avda. Eduardo Vincenti, nº6 36940 Cangas, para a instalación na Avda. E. Vincenti, nº 6, de 16,00 m2., na fachada e na fronte do establecemento, do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2017.*

**COMUNICAR QUE TENDO EN CONTA AS CARACTERÍSTICAS DA BEIRARRÚA, DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O MÁXIMO ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

*Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: a colocación de terrazas na vía pública deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente destas; non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2, (...) será de carácter obrigatorio deixar un espazo como mínimo de 1,80*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*metros libres de obstáculos para o tránsito de viandantes (...).*

2.- E. B. M. (BAR "A DE QUIQUE"), con enderezo na rúa Retrama nº 3 36940 Cangas, para a ocupación na Avda. E. Sequeiros, de 32,00 m2., e en rúa Retrama, nº 3 de 8,00 m2., do 20 de xullo ao 30 de setembro de 2017.

**COMUNICAR DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O MÁXIMO ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

*Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

3.- "O PELAO, CB", rep.: D. Á. M., con enderezo en rúa Sol, nº 29 36940 Cangas, para a ocupación en rúa Sol, nº 29, de 4,00 m2., do 1 de xuño ao 15 de setembro de 2017.

**COMUNICAR DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O MÁXIMO ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

*Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

4.- Y. R. M. (PIZZERIA BOA PIZZA), e con enderezo na Avda. de Marín, nº 3 36940 Cangas, para ocupación na Avda. de Marín, nº 3, de 6,45 m2., do 1 de agosto ao 30 de setembro de 2017.

**COMUNICAR DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O MÁXIMO ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

*Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

5.- "CONSERVAS ARTEMAR, SL", rep.: M. L. R. con enderezo no Eirado do Señal, nº 4 36940 Cangas, para ocupación no Eirado do Señal, nº 4, de 40,00 m2., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2017.

**COMUNICAR DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O MÁXIMO ESPAZO PARA O USO DAS BANCADAS E O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

*Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, ten que cumprir coas condicións de situación correspondentes; (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado, (...) deixando espazo libre de obstáculos (...) tendo en conta as características da praza.*



6.- R. L. (BAR JOYDONNER KEBAP), con enderezo na Avda. de Marín, nº7 36940 Cangas, para ocupación na Avda. de Marín, nº 7, de 12,00 m2., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2017.

**COMUNICAR DEBE LIMITARSE AO METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O MÁXIMO ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

*Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes".*

**Expediente 455/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 455/2017 .- PRIMEIRO.- A PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 S.L, con enderezo a efectos de notificacións en Balea nº 65, San Vicente, O Grove, conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo urbano consolidado, regulado pola ordenanza 5, construír un edificio na parcela sita en Rúa David Cal 18, Vilariño, adxuntando proxecto básico elaborado polo arquitecto Jesus Aser Fole de Navia Osorio de data marzo de 2015 e planos modificados aportados 2.10.2015, de acordo coa autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra 3.12.2015, coa autorización de Aguas de Galicia de data 03.06.2016, informe da UTE Gestión- Cangas de data 31.03.2016 e o informe da Consellería de Cultura de 10.07.2017. O presuposto de execución material ascende a 389.639,64 €

A Licencia outorgase condicionada a que deberá presentar , antes do inicio das obras, proxecto de execución visado, oficio co nomeamento do director de obra e de execución da mesma, escritura de agrupación do solar, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e contar cas autorizacións sectoriais preceptivas en vigor

SEGUNDO.- Acéptase a cesión para ampliación do viario municipal formalizada en acta de comparecencia de data 10.02.2016 por unha superficie de 8,49 m2 e o aval depositado para responder das obras de urbanización que ascende a 1791,22€ depositado o 21.06.2016

TERCEIRO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

A Xunta de Goberno Local, acorda deixar sobre a mesa o presente asunto, para mellor estudo.

**Expediente 5343/2017. Prórroga licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5343/2017 (EXPEDIENTE Nº 21.825.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.699.- A S. M. A., con enderezo a efectos de notificacións en Barrio das Flores 29- Darbo, outórgaselle prórroga da licenza de obras número 21.699, por un período de trinta e seis meses de conformidade disposto no artigo 145.da lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

**Expediente 3689/2017. Prórroga e modificación de licenza urbanística (corrección erros)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redacción do acordo tomado na Xunta de Goberno Local celebrado en data 31/07/2017, relativo ó expediente 3689/2017 no que se concede prórroga de licenza, na redacción do mesmo faise mención ó “proxecto redactado polo arquitecto Gumersindo Vázquez Gómes”, debe dicir “redactado polo arquitecto Ricardo Salgado Salgado”

Ó amparo do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, RESOLVO rectificar dito acordó quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE 3689/2017 .- A J. M. B. M. e L. B. C., con enderezo na rúa Andalucía 3-5°C-Cangas, para na Rosada- Coiro, acéptaselle a prórroga da licenza solicitada co número 23.882, por un periodo de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145. da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia ó tempo que se autoriza a modificación da licenza outorgada de conformidade co proxecto básico e de execución modificado visado o 5 de xuño de 2.017 elaborado polo arquitecto Ricardo Salgado Salgado.

**Expediente 684/2017. Infracción urbanística- 42/2016 (MANUEL LÓPEZ GONZÁLEZ)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: 684/207-42/2016

Procedemento: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XGL INICIO SANCION

Documento asinado por: O alcalde

Resultando que no lugar de Rabans-O Hio, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cerramento polo fronte da parcela a 4 metros do eixo do camino.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M. L. G. promotor.

Resultando que, con data 21 de agosto do 2017 a inspección municipal de obras informa que:



“As obras polas que se incóo o expte. de infracción 684/2017 se axustan a C.P. 1051/2017, polo que considero que foron legalizadas”.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro do chan de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ó infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e dacordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Incoar expediente sancionadora M. L. G., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

**SEGUNDO.-** Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria do mesmo a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

**CUARTO.-** Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe imponerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

**QUINTO.-** Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de se-lo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.



Concello de Cangas

SEXTO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente.

**Expediente 727/2017. Infracción urbanística-13/2016 (VANESSA MENDUÍÑA GONZÁLEZ)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: 13/2016-727/2017  
Procedemento: PROPOSTA ARQUIVO DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Documento asinado por: A instructora do expediente

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 29 de xuño do 2017, de V. M. G. en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 13/2016-727/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a V. M. G. por ter realizado no lugar de Limens-O Hío, as obras de actuar en zona destinada ao espazo viario sen axustarse á licenza municipal ó terse abonado a sanción correspondente

**Expediente 5465/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5465/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. C. R., con enderezo a efectos de notificacións en Pinténs, 39- O Hío, para reforzo do forxado da cuberta-terraza da edificación adxetiva existente sita en Pinténs, 39-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a 2.450,65 €.

**Expediente 5604/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5604/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. A., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Sobreiriña, 15- Nerga, para construír unha rampa de entrada, apertura de oco para fiestra en fachada e solado interior de plaqueta en edificación existente sita no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada en agosto de 2017. O presuposto de execución material ascende a 2.800,00.€</p>	

<b>Expediente 5595/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5595/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. P. C. con enderezo a efectos de notificacións en A Rosada, 50A - Coiro, para substitución de material de cubrición en tellado de edificación existente, sita no referido lugar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Miguel Angel Salgado Sánchez. O presuposto de execución material ascende a 4.350,00.€</p>	

<b>Expediente 5502/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5502/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS “EDIFICIO NOVAS”, con enderezo a efectos de notificacións na Pintens, 39- Hío, para reparación e tratamento exterior da medianeira de edificio existente sito na Ctra. Bueu-Vilariño, 52-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a 4.200,00 €.</p>	

<b>Expediente 5565/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5565/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. F. G., con enderezo a efectos de notificacións na rúa Catalina de la Iglesia, nº 3-1º Dereita-Darbo, para reforma de fachada en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a 9.520,80 €.</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Expediente 5271/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar o presente asunto da Orde do Día

**Expediente 5277/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza depositada por A.G. A., por importe de catrocentos cincuenta e sete euros con trinta e catro céntimos (457,34 €), no expediente núm. 24.234, licenza de obras núm. 23.231.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

**Expediente 4131/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

"Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante, tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* Concesión do SAF a M.<sup>a</sup> J. S.S con expediente 36008/01/003252 pola quenda de libre concorrencia de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Programación dun servizo de 1 hora diaria os luns, mércores e venres (sen festivos).

Custe total do servizo: cento cincuenta e tres euros con sesenta céntimos (153,60 €) (doce euros con oitenta céntimos (12,80 €/hora)).

O cómputo da capacidade económica mensual establece seiscentos euros (600,00 €) mensuais tendo unha renda per capita familiar de trescentos euros (300,00 €).

Achega económica da persoa usuaria: cero euros (0,00 €/mes).

O servizo de SAF iniciárase o 4 de setembro de 2017."

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

Proposta da concelleira de Obras e Servizos relativa ao nomeamento para a dirección de obra do proxecto: “ABASTECIMENTO A HERBELLO E CONEXIÓN CO DEPÓSITO DE PIÑEIRO”

Visto a aprobación da Xunta de Goberno Local do proxecto “Abastecemento a Herbello e Conexión co Depósito de Piñeiro” presentado pola UTE Gestión Cangas a requirimento do Concello de Cangas

Visto a necesidade de nomear Dirección de Obra para a execución dos traballos.

Acordo:

1º.- Nomear á Arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela coma directora da obra: “Abastecemento a Herbello e conexión co depósito de Piñeiro” para o inicio do traballos.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **Dación de conta de concesión de subvención pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para financiamento dos plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2017**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da concesión por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dunha subvención ao Concello de Cangas por importe de dous mil seiscientos cincuenta euros (2650,00 €), en concepto de financiamento dos plans de formación das entidades locais para o ano 2017.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**



**Concello de Cangas**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850